

Viaxes arredor da identidade

Teresa Caneda é profesora da Universidade de Vigo

[Teresa Caneda](#)

30 de xaneiro de 2025

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/viaxes-arredor-da-identidade/20250130212600215564.html>

A miña vida noutro lugar, a primeira novela de Rosa Suárez Redondo, é un texto formidable que engaiola desde as primeiras páxinas. Cunha trama artellada arredor do motivo da viaxe, a novela comeza nun aeroporto co reencontro dunha nai e unha filla e remata coa chegada de ámbalas dúas á casa nese mesmo día. Estes acontecementos enmarcan o tecido que fornece o relato urxente, en clave autobiográfica, de Mercedes Portela, unha muller madura que nos fala cunha voz visceral, obsesiva, desacougante pero tamén reflexiva, lúcida, poética e fondamente filosófica.

Mercedes lembra acontecementos que arrodearon varias viaxes na súa vida: unha viaxe iniciática aos Estados Unidos nos anos noventa, a viaxe de retorno á aldea de Ribadomar embarazada dunha filla á que nunca lle desvela a identidade de seu pai, así como as itinerancias por outros lugares, reais e imaxinados, a través dos que non para de reinventarse, "lonxe daquel lugar onde todo o mundo podía trazar a miña árbore xenealóxica remontándose moitas xeracións atrás e sinalarme como a filla de Ramón Portela, o do Sancho, e de Maruxa a de *caracoles*".

Pasado e presente

Valéndose do ton confesional e introspectivo da protagonista, narradora en primeira persoa da súa propia historia, a autora manexa con destreza as múltiples ironías da súa personaxe. Mercedes é, en último termo, o epítome da narradora falible, limitada polo encadre da súa propia maneira de mirar o mundo, da súa educación, da súa familia, das súas orixes e dos seus desexos, cativa dos prexuízos dos que tanto desexa fuxir.

A Mercedes nai do presente retorna moitas veces á Mercedes filla do pasado; do mesmo xeito, a Mercedes adulta que vive no mundo actual da pospandemia examina á Mercedes nova de finais do século vinte. Lonxe de caer nunha nostalxia paralizante, estas avaliacións do pasado desde o presente non están exentas de crítica e, en moitas ocasións, de pasaxes escritas cun espléndido sentido do humor.

A miña vida noutro lugar é unha colcha de retallos onde atopamos o deseño dunha vida maxistralmente enfiada a través de detalles. Estamos ante un texto no que o artificio narrativo, o esmero co que a súa autora decide que contar e como contalo acaba por crear unha trama arriscada no que as fronteiras entre a autobiografía, a ficción e a auto-ficción xogan a esvaecerse.

Mais, porén, no deseño hipnótico de simetrías que invitan a imaxinar outros debuxos máis alá do debuxo principal, non todo é o que parece, hai tamén simulacros, posturas e imposturas, imaxes distorsionadas, malentendidos e verdades que resultan non selo como sucede na vida. En medio de todo elévase incontestable a voz de Mercedes, valente e insistente, que nos fala das súas emocións e da súa intimidade sen pudor, ás veces con tenrura pero sen caer nunca en sentimentalismos, nin sequera cando invoca lembranzas do seu lugar, con fermosas referencias poéticas á terra.

Identidade

Estamos ante unha escrita limpa e honesta que roza con mestría a agudeza clínica que atopamos en autoras contemporáneas como Annie Ernaux. A novela ofrécenos unha exploración intensa, por momentos atormentada, da vulnerabilidade que existe dentro de cada unha de nós nun estilo que se aproxima á escrita de Sara Mesa ou mesmo á de Sally Rooney.

Explora a ambivalencia dos afectos, das relacións entre as persoas unidas por vínculos afectivos, por unha atracción física, por unha relación sexual, ou simplemente por un lugar. A autora aborda temas como a familia, o amor, o desamor, o desexo, o sexo, o corpo, a maternidade ou a saúde mental desde a subxectividade da experiencia dunha muller galega que nos interpela sen prédicas, dogmas nin leccións edificantes.

Rosa Suárez Redondo ofrécenos unha reflexión sofisticada sobre como a nosa identidade é sobre todo unha identidade narrativa, contada por nós, se somos privilexiadas, ou artellada a través das voces e discursos doutros se, pola contra, existimos nas marxes e a nosa é unha condición de subalternidade silenciosa, como é o caso das mulleres da conserveira ou os fillos da emigración que aparecen fugazmente nos pensamentos de Mercedes sen teren, ao revés ca ela, un relato de seu.

A miña vida noutro lugar é unha novela construída con moita intelixencia e sensibilidade que afonda nas viaxes vitais das mozas galegas que chegaron á universidade nos anos oitenta. Atopamos aquí as claves da "educación sentimental" dunha xeración de mulleres, as nais da xeración Z, que recobran a voz que non tiveron e falan agora, por fin, do que entón había que calar.